

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 24 de abril de 2025, adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 2.º- COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

1. Réxime e goberno interior

1.2. Estatuto dos grupos parlamentarios

1.2.1. Subvencións dos grupos parlamentarios

Requirimento aos grupos parlamentarios para que remitan a contabilidade específica da subvención recibida con cargo ao orzamento do Parlamento correspondente ao exercicio 2024

O artigo 27.2 do Regulamento da Cámara dispón que os grupos parlamentarios deben levar unha contabilidade específica da subvención prevista na alínea 1 dese mesmo artigo, que deberá poñer a disposición da Mesa da Cámara sempre que esta o pida. Anualmente, esta información publicarase no Portal de transparencia do Parlamento de Galicia.

Xa que logo, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Solicitalles aos grupos parlamentarios que lle remitan á Mesa, a través do Rexistro do Parlamento, a contabilidade específica da subvención recibida con cargo ao orzamento do Parlamento correspondente ao exercicio 2024 no prazo dos 15 días hábiles seguintes á comunicación deste acordo.

2.º) A contabilidade requirida presentarase nos modelos de balance e de conta de resultados que se adxuntan.

3.º) Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2025

María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

Portavoz do G.P. Popular de Galicia
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. Mixto



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª na data 30/04/2025 13:42:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 05/05/2025 11:39:01
Nº Rexistro: 6802
Data envío: 05/05/2025 11:39:01.438

CSV: REXPG-slfqL5Kl2-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/05/2025 11:40:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 05/05/2025 11:39:01
Nº Rexistro: 6802
Data envío: 05/05/2025 11:39:01.438

CSV: REXPG-slfqL5Kl2-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

